



Estimadas familias,

Como facemos ano tras ano, polo día **30 de xaneiro** tal e como recolle o calendario escolar, conmemoramos o **Día da Paz**.

Nesta ocasión imos traspasar os límites do noso centro e ímonos desprazar ata o colexio **CEIP de Bormoio-Agualada**, situado no concello de Coristanco, para participar nunha xornada de convivencia entre ambos alumnados.

Esta proposta educativa xurde do departamento de orientación, que é o mesmo para ambas escolas, e está encadrada dentro do Contrato-Programa que este ano asinamos coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na modalidade de Con-vive.

O custe do transporte desta actividade complementaria subvenciónase cos fondos do Contrato-Programa e as **familias non terán que aportar economicamente** ningunha cota.

Nesta xornada de convivencia haberá varias actividades para que os alumnos e as alumnas estreiten lazos e traballen a prol da Paz. Tamén está previsto que se faga unha carreira solidaria en favor de Save the Children e na que esperemos a colaboración económica das comunidades educativas de ambos centros.

O **horario habitual** do colexio non se verá en nada afectado xa que toda a saída se fará dentro da xornada lectiva. Temos previsto chegar alí sobre as 10:40 e regresar a Corme sobre as 13:40.

Se algunha alumna ou alumno por algunha circunstancias non vai asistir, agradecemos nos avisen con antelación pois temos contratados dous autobuses e se o número baixase o suficiente pode ser posible que só precisemos contratar un.

As familias que queiran dar **cartos** para Save the Children, poden **ata o mércores** facer achegas que recollerán as titoras e titores dos vosos fillos e fillas. Nós levaremos o que traiades e darémosllo a dirección do outro colexio para que o xunten cos seus. Eles serán os encargados de enviar toda a recadación. Todo o alumnado recibirá un diploma pola súa participación.

En Corme, 23 de xaneiro de 2020

O director
Manuel N. Caridad López